



## O 18 DE DECEMBRO, MOBILÍZATE CO BNG!

O 18 de decembro, ás 12 horas, na Alameda de Compostela, o BNG vaise mobilizar en defensa da sociedade galega e contra as consecuencias que a suba de prezos está a ter na maioría social. O BNG está a promover alternativas serias, solventes e viábeis para todos os principais ámbitos en que se está a manifestar a actual crise, da vivenda á enerxía e da alimentación ás hipotecas bancarias. É preciso mobilizarse e facerse valer, para que esta vez a crise non a paguemos as maiorías sociais. Polo emprego, polo futuro, pola vida digna na nosa Terra, o 18 de decembro MOBILÍZATE CO BNG.

Toda a información dos autobuses para a manifestación neste QR:



MELLOR  
LOCAL  
MELLOR  
GALEG



É O MOMENTO DE  
APOSTAR POLO COMERCIO  
E O PRODUTO GALEGO



## EN APOIO DO PRODUTO GALEGO E O COMERCIO DE PROXIMIDADE



A pandemia da COVID-19, primeiro, e a actual crise de suba de prezos, despois, deixaron ao descuberto a importancia e a necesidade de apostarmos por un cambio de modelo produtivo e comercial.

O sustentábel, o ecolóxico, o que xera de verdade riqueza e emprego aquí, o que mantén vivas e dinámicas as nosas cidades e vilas, é a produción propia, galega, e tamén as tendas e negocios do comercio de proximidade. O futuro pasa por darlle máis valor ao local, ao noso, que é sinónimo de calidade, coñecemento, desenvolvemento e identidade.

Desde o Bloque Nacionalista Galego defendemos que a aposta polo consumo de produtos galegos deba unha prioridade na política económica, de comercialización e mesmo de comunicación da Xunta de Galiza. Levamos tempo alertando da imposición, por parte do Goberno do PP, dun modelo de consumo ao servizo das grandes áreas comerciais de capital foráneo.

## É HORA DE CAMBIAR ISTO!

Depender menos da produción foránea e apoiar a produción propia, poñer o país a producir, usar os nosos recursos para xerar riqueza e emprego en Galiza, é unha necesidade urxente.

Do mesmo xeito, apoiar o comercio de proximidade é unha das mellores maneiras de xerar riqueza para Galiza. Está na nosa man modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega, de extraordinaria calidade.

Temos un comercio e uns produtos de primeira!



## NO BNG APOSTAMOS POR...



– Incentivar a compra de produtos locais e galegos, con promoción da etiquetaxe en lingua galega.

– Recuperación dos mercados municipais e as zonas comerciais tradicionais.

– Promoción da produción alternativa e ecolóxica.

– Impulso dunha marca de calidade e de identificación da orixe, dos produtos da horta galega, así como para produtos pesqueiros e marisqueiros, e prezos xustos para o leite galego.

– Regulación dos horarios comerciais.

– Estabelecemento de liñas de crédito prioritarias para o comercio de proximidade. Promoción de alternativas de venda on line, fronte outras opcións hoxe hexemónicas.

– Promover axudas para implantar ou mellorar establecementos que comercialicen produtos autóctonos.

– Oposición á instalación na Galiza de grandes superficies comerciais de capital transnacional.

